

Afundación e a Orquesta Sinfónica de Galicia presentan un recital solidario con obras de Falla e Lorca coa voz de Marina Heredia

I Cun prezo de dez euros cada entrada, a Orquesta Sinfónica de Galicia e Afundación presentan un recital que, enmarcado en «Cultura por alimentos», potencia o impulso social a través da cultura

I Con pezas de Manuel de Falla e Federico García Lorca, a interpretación vocal estará a cargo da cantaora Marina Heredia

10.02.2022. Afundación, a Obra Social de ABANCA, presenta xunto coa Orquesta Sinfónica de Galicia un recital de potenciación do impulso social a través da cultura. Para iso, ambas as entidades, xunto co Banco de Alimentos, colaboran nun concerto no que se poderá gozar de pezas de Manuel de Falla e Federico García Lorca coa voz da cantaora Marina Heredia, a un prezo de dez euros cada entrada. Ademais, este evento, que terá lugar o 24 de febreiro e cuxas entradas se poden adquirir en Ataquilla.com, enmárcase no programa «Cultura por alimentos» dinamizado por Afundación e destinado a vincular a participación en actividades culturais coa solidariedade. Así, a Obra Social ABANCA, en colaboración coa Federación Española de Bancos de Alimentos, co obxectivo de contribuír, a través de doazóns, a incrementar os recursos dos Bancos de Alimentos de Galicia, invita a todas as persoas que asistan ao concerto a que colaboren con esta campaña solidaria acudindo ao recital coa súa entrada e unha doazón de alimentos non perecedoiros que serán recollidos no propio auditorio.

Na presentación deste concerto en rolda de prensa, que tivo lugar esta mañá na Sede Afundación Pontevedra, estiveron Marité Cores, coordinadora da Área de Cultura de Afundación; Andrés Lacasa, director xerente da Orquesta Sinfónica de Galicia; e Iván Martínez, presidente da Fundación Provincial de Banco de Alimentos.

As imaxes están dispoñibles aquí:

[https://drive.google.com/drive/folders/1uEZriXuC9--vGkvrB2wXbYh8UFk4eleu?
usp=sharing](https://drive.google.com/drive/folders/1uEZriXuC9--vGkvrB2wXbYh8UFk4eleu?usp=sharing)

En palabras da coordinadora da Área de Cultura de Afundación, Marité Cores, «Sendo conscientes da situación de moitas familias a raíz da pandemia, Afundación quixo idear un proxecto mediante o que poñer á disposición da sociedade a rede de edificios e establecementos culturais para colaborar, neste caso, co Banco de Alimentos. Esa función social da cultura faise máis visible con proxectos coma este. O noso desexo é que isto permaneza no tempo e nos recorde a importancia da solidariedade para avanzar en conxunto».

Andrés Lacasa, director xerente da Orquesta Sinfónica de Galicia destacou que «cando nos propuxeron esta colaboración pareceunos fantástica. Ademais, o programa do concerto é sensacional: por un lado, Federico García Lorca, de quen pouca xente coñece a súa vertente máis musical, e Manuel de Falla, un dos colosos da música española. E todo isto coa cantaora Marina Heredia, unha das mellores do panorama actual. Invitamos a todo o mundo que desfrute moito e agradecemos o labor de Afundación e do Banco de Alimentos».

Iván Martínez, presidente da Fundación Provincial de Banco de Alimentos, fixo fincapé en na ilusión de poñer en marcha un proxecto deste calado que «se vai prolongar durante todo o ano e que vai supoñer un goteo de doazóns e un recordatorio constante da necesidade de moitas familias. A cultura e a solidariedade únense en “Cultura por alimentos” en multitud de eventos, o cal nos permitirá ter presente a necesidade de colaborar con moitas familias que o necesitan».

Toda a información da actividade de Afundación, na nosa [SALA DE PRENSA](#).

